



Guía Docente

Datos Identificativos					2011/12
Asignatura (*)	Educación inclusiva e multicultural			Código	652G01011
Titulación	GRAO EN EDUCACIÓN INFANTIL				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6	
Idioma	CastelánGalego				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación	Depalma Ungaro, Renee	Correo electrónico	r.depalma@udc.es		
Profesorado	Depalma Ungaro, Renee	Correo electrónico	r.depalma@udc.es		
Web					
Descrición xeral	A materia enfócase na construción crítica dunha educación xusta e igualitaria para os membros máis novos da nosa sociedade. As grandes liñas de estudo inclúen: <ul style="list-style-type: none">- Formas de representación e participación igualitaria na etapa de Infantil- Prexuízos, estereotipos, racismo, xenofobia, homofobia, ableismo, e outros tipos de discriminación e exclusión nas institucións escolares- Modelos de educación multicultural e intercultural-O modelo social de discapacidade-Conceptos de inclusión e integración, incluíndo unha análise crítica dos discursos oficiais e públicos sobre ditos procesos- Atención á diversidade cultural e funcional, visións comunitarias fronte as deficitarias- Estratexias didácticas de educación inclusiva e multicultural na etapa de Educación Infantil				

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A1	Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período de 0-6, no contexto familiar, social e escolar.
A8	Saber informar a outros profesionais especialistas para abordar a colaboración do centro e do mestre na atención ás necesidades educativas especiais que se propoñan.
A9	Adquirir recursos para favorecer a integración educativa de estudantes con dificultades.
A12	Promover e colaborar en accións dentro e fóra da escola, organizadas por familias, concellos e outras institucións con incidencia na formación cidadá.
A13	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalista; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable.
A19	Comprender que a dinámica diaria en educación infantil é cambiante en función de cada estudante, grupo e situación e saber ser flexible no exercicio da función docente.
A21	Saber traballar en equipo con outros profesionais de dentro e fóra do centro na atención a cada estudante, así como na planificación das secuencias de aprendizaxe e na organización das situacións de traballo na aula e no espazo de xogo, identificando as peculiaridades do período 0-3 e do período 3-6.
A26	Saber analizar os datos obtidos, comprender criticamente a realidade e elaborar un informe de conclusións.
A32	Valorar a relación persoal con cada estudante e a súa familia como factor de calidade da educación.
B3	Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B11	Capacidade de busca e manexo de información.
B16	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos noutras áreas e en contextos diferentes.
B20	Coñecemento de outras culturas e de outras costumes.
B24	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.



C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
O alumnado: - Familiarizárase coas das diversas tradicións intelectuais da Educación Inclusiva e Multicultural, e os aspectos máis relevantes destes campos de investigación para a etapa de Educación Infantil, ao entrar en contacto coas fontes bibliográficas, audiovisuais e informativas fundamentais.	A1 A9 A13	B11 B20 B24	C4
- Situará estas tradicións na evolución das múltiples expresións históricas da mestizaxe, hibridación e porosidade transculturais, por unha banda, e por outra banda, o peche cultural mediante o racismo, o etnocentrismo, a dominación lingüística, a xenofobia, o clasismo, o sexismo, a homofobia e outras expresións de discriminación, opresión e marxinação, até o actual momento histórico do mundo globalizado.	A9 A13 A19 A26	B3 B11 B20 B24	
- Comprenderá que a Educación Inclusiva e Multicultural supón un corpo de coñecementos inacabados, mutábeis, e continuamente negociados, non un paradigma pechado ou monolítico, polo que debe derivar no desenvolvemento dun xuízo (ou disposición) profesional flexíbel e crítico.	A1 A19 A26	B20	C6
- Apreciará a importancia tanto profesional como social dos aspectos ético-axiolóxicos da Educación Inclusiva e Multicultural para a etapa de Educación Infantil, ao desenvolver actitudes á vez críticas e solidarias fronte á diversidade humana nas comunidades educativas, e ao adquirir e fomentar valores tanto universais como particulares relacionados con: a empatía, o respecto, a dignidade humana e os dereitos humanos, o apoio mutuo, a reciprocidade, a colaboración, a inclusión dos excluídos, a participación igualitaria e democráticas na vida pública do centro.	A8 A12 A21 A32	B5 B16 B20 B24	C4
- Comprenderá, analizará e avaliará os principais contidos, recursos, estratexias e ámbitos de intervención abordados desde a Educación Inclusiva e Multicultural: contidos culturalmente inclusivos e interculturais, a organización democrática da aula e do centro, a inclusión e promoción das perspectivas e voces minoritarias e/ou desfavorecidas socialmente, a análise crítica dos documentos e medios de comunicación-aprendizaxe.	A1 A9 A12 A21 A26	B3 B5 B11 B16 B24	C6 C8
- Iniciarase na aplicación crítica dos coñecementos pedagóxicos e das principais estratexias e recursos didácticos (curriculares, metodolóxicos, organizativos e dinamizadores) desenvolvidos desde a Educación Inclusiva e Multicultural para a etapa de Educación Infantil.	A1 A8 A9 A12 A13 A19 A21 A26 A32	B3 B5 B11 B16 B20 B24	C4 C6 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Estratexias didácticas na atención á diversidade e a educación inclusiva na etapa de Educación Infantil	A educación como práctica cultural Contextos institucionais da educación
Modelos de Educación Multicultural	Procesos da marxinação nos espazos escolares Identidade, fronteiras, e a globalización Pedagogía crítica e xustiza social



Atención á diversidade cultural e funcional, discapacidade e inclusión na escolaridade temperán: minorías étnicas, inmigrantes, emigrantes, persoas con discapacidade	Diversidade funcional: ¿a diferenza que fai unha diferenza? A construción social do éxito e do fracaso escolar Asimilación, integración, e ¿Atención á diversidade?
Multiculturalismo, prexuízos, estereotipos, racismo, xenofobia e outros tipos de discriminación e exclusión nas institucións escolares	Construíndo o Outro- racismo e xenofobia Sexualidade e heteronormatividade Sexo e xénero Minorización de linguas e variacións dialectais
Globalización e curriculum na Educación Infantil, formas interculturais de representación e participación na etapa de Infantil	Transversalidade, flexibilidade, e cooperación Representación, recagnición, e participación Procesos de reflexión, investigación, e innovación

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	10	0	10
Lecturas	0	40	40
Presentación oral	4	4	8
Sesión maxistral	22.5	20	42.5
Proba de ensaio	0	10	10
Traballos tutelados	5.5	30	35.5
Atención personalizada	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Os traballos tutelados (ver descrición abaixo) e as actividades puntuais que se levan a cabo nas clases interactivas
Lecturas	Lecturas obrigatorias que se len fora da aula e que se poden clarificar durante as clases expositivas, e lecturas adicionais que apoian a información presentada nas clases expositivas e que forman a base bibliográfica para os traballos.
Presentación oral	Informe oral sobre os traballos grupais, posta en común sobre as actividades puntuais que se levan a cabo nas clases interactivas
Sesión maxistral	Exploracións e explicacións baseadas tanto nas lecturas básicas da materia como noutras que complementan e enriquecen as básicas
Proba de ensaio	Exame final enfocado nos apuntes e nas lecturas obrigatorias
Traballos tutelados	Traballos colaborativos que se levan a cabo en grupos de 3-5 e que se entregan de forma escrita. As datas limites serán especificadas no primeiro día de clase, xunto coas pautas para seguir co cumprimento de cada traballo.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Recíbese unha atención personalizada, ao nivel do grupo de traballo, durante as clases interactivas e as titorías (por iniciativa do alumnado). Pódese recibir unha atención personalizado ao nivel individual durante as titorías.



Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba de ensaio	Exame final enfocado nos apuntes das clases expositivas e nas lecturas obrigatorias	50
Traballos tutelados	Traballos colaborativos que se levan a cabo en grupos de 3-5 e que se entregan de forma escrita. As datas límites serán especificadas no primeiro día de clase, xunto coas pautas para seguir co cumprimento de cada traballo.	50

Observacións avaliación

A materia é presencial. As faltas de asistencia deberían ser xustificadas por informe médico ou laboral. Unha falta de asistencia excesiva pode resultar nunha modalidade non-presencial, no que o exame final comprenda un 100% da avaliación.

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías